



AUTOINFORME DE SEGUIMIENTO

Grao en Pedagogía

Curso Académico: Curso 2019-2020

- [Datos da universidade e do título obxecto do seguimento](#)
- [Cumprimento do proxecto establecido](#)
 - Dimensión 1. A xestión do título
 - [Criterio 1. Organización e desenvolvemento](#)
 - [Criterio 2. Información e transparencia](#)
 - [Criterio 3. Sistema de garantía de calidade](#)
 - Dimensión 2. Recursos humanos
 - [Criterio 4. Recursos Humanos](#)
 - [Criterio 5. Recursos materiais e servizos](#)
 - Dimensión 3. Resultados de aprendizaxe
 - [Criterio 6. Resultados da aprendizaxe](#)
 - [Criterio 7. Indicadores de satisfacción e rendemento](#)
- [Modificacións do plan de estudos](#)
- [Listaxe de evidencias e indicadores](#)
- Plan de Melloras
 - Abertas Curso 2020-2021
 - Finalizadas Curso 2019-2020

<u>1. DATOS DO TÍTULO</u>	
Denominación do título	Grao en Pedagogía
Mencións/Especialidades	
Universidade responsable administrativa	Universidade de Santiago de Compostela
En caso de títulos interuniversitarios, universidade/s participante/s	
Centro responsable	Facultade de Ciencias da Educación
Centro/s onde se imparte	Facultade de Ciencias da Educación
Rama de coñecemento	Ciencias Sociais e Xurídicas
Número de créditos	240 ECTS
Profesión regulada	
Modalidade de impartición	Presencial
Curso de implantación	2009/2010
Data acreditación ex ante (verificación)	22/06/2009
Data renovación acreditación	20/07/2016

2. CUMPRIMENTO DO PROXECTO ESTABLECIDO

DIMENSIÓN 1. A XESTIÓN DO TÍTULO

CRITERIO 1. ORGANIZACIÓN E DESENVOLVEMENTO:

Estándar: O programa formativo está actualizado e implantouse de acordo coas condicións establecidas na memoria verificada.

Analizar e valorar se o desenvolvemento do plan de estudos realizou conforme a memoria verificada e non se produciron incidencias graves, o que permitiu unha correcta adquisición das competencias por parte dos estudantes.

1.1.- O título mantén o interese académico e está actualizado segundo os requisitos da disciplina, avances tecnolóxicos e científicos, necesidades socioeconómicas e requisitos da profesión.

Aspectos a valorar:

- O perfil formativo/egreso do título mantén a súa relevancia e está actualizado segundo os requisitos do seu ámbito académico, científico e profesional e, no seu caso, segundo as necesidades e requisitos da profesión regulada.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

Na análise do perfil de ingreso/egreso trátanse os seguintes aspectos: demanda, preferencia, perfil, procedencia, formación.

1. Os datos da demanda da titulación mostran un aumento no número de 464 do curso anterior a 658 solicitudes para una oferta de 70 prazas que é nove veces maior (INF.CIUG_2019-2020), unhas 200 persoas mais. O número total de matriculados foi de 73, cifra axustada as dado os espazos dispoñibles nas aulas e o cociente profesorado/alumnado para unha docencia calidade como aparece na memoria da titulación, e dando unha resposta coherente a estratexia iniciada para o proceso de axuste a baixa progresivo desde o ano 2016-17 cambiando a tendencia de superar as prazas ofertadas dos cursos anteriores dificultando a impartición da docencia no centro por non estar equilibrada a nivel de recursos espaciais e humanos. Ademais o total dos matriculados no 2019-20 matriculáronse entre a primeira e segunda convocatoria. A cota xeral ten oferta de 60 prazas e outras para cotas específicas. Da cota xeral a matriculación foi de 71 persoas o que representa o 104% da oferta (INF.CIUG_2019-2020). Entre as praza ofertadas as cotas específicas ofertáronse 10, pero matriculada só 1 praza de Maiores de 45 anos.
2. Número de estudantes que se matriculan no primeiro curso dun plan de estudos por primeira vez (IN04G) incrementouse de 67 (2018-2019) a 72 (2019-20), sendo case o total de matriculados. E a Taxa de variación relativa da matrícula de novo ingreso por preinscrición que mostra as variacións na matrícula de novo ingreso por preinscrición en relación co curso académico anterior cambia de negativa -17,28 a positiva 7,46 (IN05G)
3. Tamén é crecente o número de estudantes matriculados nun curso académico sen contabilizar aos estudantes de programas de mobilidade incoming. Inclúe o alumnado de todos os cursos que se imparten no título (IN02G) que pasou 290 no ano anterior a 305.). Pero baixa lixeiramente Relación de estudantes preinscritos en 1ª opción matriculados por 1ª vez sobre as prazas ofertadas a 40 (IN10G) que implica menos captación.
4. A nota media de acceso por preinscrición neste curso sube unhas décimas 9,13 respecto ao anterior de 8,79 pero segue a tendencia dos últimos anos de crecemento (IN06G). A porcentaxe de estudantes que acceden á titulación cunha media igual ou superior a 6 (IN07G) é do 100% repetindo datos dos anos anteriores.

	2014-15	2015-16	2016-17	2017-18	2018-19	2019-20
Total	7,75	7,47	8,14	8,84	8,79	9,13

5. En canto a caracterización do perfil na elección da titulación por (INF.CIUG_2019-2020) presenta os seguintes datos:
 - No total das persoas matriculadas o 83% son mulleres, subindo levemente.
 - Por procedencia o 98.51% son de Galicia co que se demostra a integración na sociedade galega da titulación e a resposta á demanda da contorna socioeconómica.
 - Neste curso aumentaron os estudantes nacionais 1,31% e os estudantes estranxeiros 0.98% respecto ao curso pasado. Marcando una tendencia reflexo dos recortes nas axudas (IN08G e IN09G).

6. Cabe destacar na cota xeral por ensinanza de acceso que do alumnado procede de Bacharelato aumentou do 76% ao 90% cunha baixada do proceden da Formación profesional cun 10%. En ambas procedencias a media de expediente segue por subindo, sendo maior Bacharelato que pasa de 8.940 a 9.159, que no FP que tamén aumenta de 8,087 a 8,874 (INF.CIUG_2019-2020).

O aumento nos indicadores de como a nota media de acceso por preinscrición neste curso sube unhas décimas 9,13 respecto ao anterior de 8,79 pero segue a tendencia progresiva aumento dos tres últimos anos e a matriculación por riba da oferta ou incremento no numero total de matriculados en todos os cursos indican o interese pola titulación. Na titulación seguen estes datos demostrando que recibe una demanda alta de solicitudes que incrementouse este curso outra vez e a taxa de ocupación e moi alta, polo que ten relevancia no mundo científico e profesional.

1.2.- O plan de estudos desenvolveuse seguindo a oferta de módulos e materias previstas na memoria verificada.

Aspectos a valorar:

- A oferta de módulos e materias correspóndese co establecido na memoria de verificación e, se é o caso, nas sucesivas modificacións.
- O Desenvolvemento das actividades académicas, metodoloxías docentes, sistemas de avaliación e cualificación, correspóndese co establecido na memoria de verificación e permite a consecución das competencias. O tamaño dos grupos é adecuado ás actividades formativas.
- No seu caso, o curso de adaptación cumpre a súa función en canto á adquisición de competencias e coñecementos, por parte dos estudantes que os cursen e adecúase ao establecido na memoria de verificación do título.
- Participación do alumnado en programas de mobilidade.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

No proceso de elaboración das programacións das materias a Comisión de titulacións seguíronse as recomendacións para mellorar a adecuación coa memoria da titulación:

- a) Mellorar a presentación dos diferentes niveis de competencias, diferenciando as competencias específicas en cada materia.
- b) Nos sistemas de avaliación especificouse o reparto nos sistemas de cualificación de forma concreta.
- c) Organizar a bibliografía básica e complementaria e reducir no caso de excesiva.
- d) Nos sistemas de comunicación e apoio continuo ao ensino: O emprego na atención do alumnado dun mecanismo de comunicación institucional polo correo electrónico RAI e o campus virtual estableceuse en todas as materias da titulación.
- d) Incorporación das medidas para atender a normativa de exención de docencia.
- e) Incorporación das recomendacións acordadas en Xunta de Facultade sobre perspectiva de xénero e sostenibilidade medioambiental.

Na análise do tamaño dos grupos e se é adecuado ás actividades formativas, neste curso calculáronse datos da media de alumnado por materias FB e OB e materias Optativas. A situación na titulación é dispar.

- Media de alumnos matriculados en materias (FB e OB) por grupo de teoría (expositivas) é de 74,18, superior a media da Área de CC. SS. E Xurídicas 69,34 e da USC con 65,79(IN55G). Esta situación incide na calidade da atención ao alumnado.

- Na media de alumnos matriculados en materias optativas por grupo de teoría (expositivas) a situación é mellor cun 35,62 sobre a da área cun 35,26 e preto da media da USC cun 29,18 (IN56G). Indica que a oferta de optatividade na titulación é mellor e permite que nas optativas a atención ao estudantado séa máis personalizada e favoreza a formación especializada.

A participación do alumnado da USC en programas de mobilidade descende a case a metade cun 2,56. A diminución de axudas a mobilidade e da contía das axudas incide especialmente pero mellora agora nun punto (IN17G), á par das circunstancias socio-sanitarias vividas o curso académico 2019-2020.

Na titulación ofértanse actividades formativas que permiten o coñecemento do mundo profesional e a formación en competencias transversais. A difusión realízase pola aula de coordinación da titulación. O curso 2019-20 desenvóléronse as seguintes actividades:

ACTIVIDADES FORMATIVAS

8 de marzo

Conferencia sobre Elisa e Marcela

Obradoiros na Facultade

Conferencia "Destruíndo o amor romántico"

Día da Internet Segura

Xornada de Pedagogía e inserción laboral
Actos día 29 y 30 Bicentenario Concepción Arenal
Comisión de Cultura e Normalización Lingüística
Boletín de emprego da USC decembro 2019
Xornada UNINTEGRA
XVI Simposio O Libro e A Lectura
Encontro o programa "Promociona" da Fundación do Secretariado Gitano.
Xornada UNICEF na Facultade
IV Xornadas de Diversidade sexual dende a Educación
Charla: "Como manexarse en situacións de acoso"
Voluntariado sobre Derechos Humanos
Actividades da Comisión de Cultura e Normalización Lingüística da Facultade
Proxecto Mentoring, desenvolvemento profesional da USC
Actividad Aspies en acción
XII Xornadas Sobre Recursos Educativos en Galego
Xornadas CIFEX OIX-USC Violencia de Xénero

1.3.- O título conta con mecanismos de coordinación docente que permiten analizar se o desenvolvemento do plan de estudos posibilita a adquisición das competencias por parte dos estudantes e, no seu caso, se establecen as accións de mellora oportunas.

Aspectos a valorar:

- A coordinación horizontal e vertical entre as diferentes materias do plan de estudos evita baleiros e duplicidades.
- No caso de que o título se imparta en varios centros da Universidade ou sexa interuniversitario, analizarase o funcionamento dos mecanismos de coordinación entre todos os centros/Universidades que imparten o plan de estudos.
- No caso de que existan prácticas externas, valorarase se os mecanismos de coordinación permiten aos estudantes alcanzar as competencias asociadas a estas prácticas.
- No caso de que o título se imparta en varias modalidades (presencial, a distancia, semipresencial) valorarase a coordinación docente entre as modalidades, co fin de que os estudantes podan alcanzar as mesmas competencias con independencia da modalidade cursada.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

O título conta con coordinacións por curso e traballan de forma horizontal e vertical na comisión do título. Para a coordinación traballase con reunións periódicas. Ante as dificultades de asistir as reunión tanto de profesorado como estudiantado da titulación dende a coordinación estableceuse a dinámica de comunicación no campus virtual por título. Ademais, é o canle de difusión de todas as actividades tanto que organiza a Facultade o algún membro da mesma, como de actividades de outras institucións ou empresas relacionadas coa titulación. Tamén difúndese as accións formativas complementarias.

Para o practicum organízanse reunión de traballo cos implicados: profesorado tutores e alumnado. As reunión co profesorado ten una función de reflexión e mellora dos instrumentos e a función organizativa de supervisión do proceso formativo. E a reunión co estudiantado de carácter organizativo a desenvolve o equipo decanal e a coordinación.

O TFG ten tamén unha comisión de seguimento e realízanse reunión de traballo para mellora das guías do TFG, para a elaboración das rúbricas e para o análise do desenvolvemento.

Para o apoio ao alumnado neste curso desenvóléronse varias estratexias:

- Presentación ao alumnado de primeiro nunha sesión co equipo decanal coa presentación da institución e os servizos para eles.

. Neste curso a sesión co alumnado de primeiro coa coordinación extendeuse a tres horas e ademais de unha presentación moi concreta da información adecuada ao curso engadiuse una actividade para xerar unha dinámica de socialización entre eles.

-Presentación por cada coordinador/a de curso para 2º 3º e 4º, das materias do curso correspondente, así recordar o funcionamento tanto do campus virtual coma das aulas de coordinación e dos canles de comunicación.

-Delegados de curso: cada ano convócanse elección a delegados.

Compre destacar que no que atinxe valoración do alumnado coa titulación neste curso (INF.22_2019-20), é de 3,47 cando a media nos grados da USC e de 2,90.

As repercusións provocadas pola COVID-19 exixiron modificacións importantes:

-Melloras organizativas (modificacións realizadas con motivo da pandemia xerada pola COVID-19 e a suspensión da actividade académica presencial): a decisión implica a reformulación de todo o proceso formativo para atender as necesidades que xorden de seguir a docencia desde os fogares e as condicións dispoñibles. Por iso desde o decanato tomáronse iniciativas en colaboración coas coordinacións de título:

1º Realización dun diagnóstico das condicións do alumnado. Presentamos a continuación os datos da titulación

- [Enquisa para coñecer as necesidades do alumnado para o seguimento e a avaliación \(realizada no mes de abril 2020\)](#)
- [Resultados da enquisa realizada ao alumnado da facultade](#)

As respostas na titulación foron dun 76% do total do alumnado que é unha mostra ampla e mostrou as condicións para a docencia da maioría da titulación. Nº de alumnado que se atopa con dificultades: 67

Grao en Pedagogía

Nº de alumnado na titulación	Nº de Respostas	% de respostas respecto ao total
313	238	76%

Os resultados clasifícanse tendo en conta os aspectos persoais e condicións de estudo do alumnado (preguntas 7, 8 e 23) e os aspectos técnicos (resto de preguntas). Para iso os resultados obtidos cuantifícanse en relevancia de actuación atendendo a situación do alumnado en: - Leves (1), - Importantes (2), - Graves (3). Para a clasificación da información achegada destas preguntas, tanto abertas como pechadas, téñense en conta os seguintes aspectos persoais e os aspectos técnicos

Clasificación aspectos persoais por niveis:

Nivel 1: Condicións de estudo inadecuados; cargas de tarefas/traballos familiares; coidado de irmáns por ausencia de pais/nais. (23 casos)

Nivel 2: A maiores do nivel anterior: Coidado de fillos e/ou maiores; problemas económicos causados polo estado de alarma. (1 caso)

Nivel 3: A maiores do nivel anterior: Coidado de persoas enfermas; coidado de persoas dependentes; perda de familiares; e suma dos anteriores niveis. (0 casos)

Clasificación aspectos técnicos por niveis:

Nivel 1: Conexión de internet non constante. En ocasión, funcionamento parcial das aplicacións de videoconferencia (29 casos)

Nivel 2: Conexión de internet moi mala. Conexión a internet mala só con datos de móbil limitada. Só ter una tablet para o traballo (sen ordenador). (8 casos)

Nivel 3: Só ter un móbil para o traballo (sen ordenador e sen tablet). Só ter un ordenador obsoleto moi vello. Non ter conexión a internet (nin datos nin wifi). (5 casos)

Aínda que a maioría de casos atópanse nun nivel 1, tanto en aspectos persoais coma técnicos, estes niveis afectan moito as condicións da calidade do proceso formativo. Nos aspectos técnicos aos casos no nivel 2 e 3 comprometen o seguimento da docencia que foi non presencial, polo que determina o posible fracaso ou abandono de ser o caso.

2º Modificación da avaliación das materias (2º semestre e 2º oportunidade de materias de 1º semestre). ([Link](#))

3º Modificación das avaliacións dos TFG y TMF das 9 titulaciones do entro ([Link](#)).

4º Actuacións PLAN COVID19 no título: [Informe individual G. Pedagogía](#)

Elaborouse un informe do que facemos a continuación un resumen:

De maneira xeral, o título impártese unicamente en modalidade presencial, polo que non é necesario a coordinación entre diferentes modalidades de impartición. Aínda que no curso 2019/2020 se pasase a unha docencia completamente virtual desde o mes de marzo por cuestións sobrevidas. Con carácter xeral, a exención de docencia para o alumnado concédese só para as clases expositivas, agás que o programa da materia contemple outras situacións, cando se demostre debidamente acreditado o solapamento de horarios con outras materias da titulación, a simultaneidade de estudos oficiais, a conciliación da vida familiar e persoal ou a ocupación profesional. Nos programas das materias o profesorado indica os procedementos necesarios para que estes estudantes podan alcanzar as mesmas competencias que na docencia presencial. No curso 2019-2020 concedeuse unha dispensa e denegáronse dúas.

Comentando os apartados da estrutura do informe:

1. Aulas Virtuais Activas:

Do total das materias (18) o uso da aula virtual do campus da USC como espazo para a docencia neste período é empregado de forma predominante na titulación (89%). O total das materias empregan algunha ferramenta virtual como soporte dende a suspensión da docencia presencial, e a maioría cunha frecuencia moi alta (4-5) o 78%.

2. Comunicación directa co alumnado

O total das materias empregan canles de comunicación directa co alumnado (titorías, sesións virtuais, etc.), e a maioría cunha frecuencia moi alta (4-5) do 78%. O número de canles varía entre dúas ferramentas e cinco: 2 canles un 33%; 3 canles un 33%; 4 canles 28% e 5 canles un 6%. De todas eses canles os que empregan 3 ou mais (67%) teñen unha variedade de ferramentas moi adecuadas a situación permitindo facer uso de diversas formas de comunicación en grupo ou individual, atendendo así as metodoloxías didácticas diferentes de sesión expositivas e interactivas (laboratorio ou seminario). Entre as ferramentas de comunicación que mais se empregan para o seguimento individualizado do proceso formativo é o correo electrónico o que aparece en todas. E entre as outras ferramentas a preferente é o campus virtual cun 83%. Ambas permiten unha atención individualizada (correo persoal, mensaxería do campus virtual) e no caso do campus queda rexistrada toda a actividade de cada persoa para facer a titorización.

Para a comunicación síncrona elixen dúas opcións de videoconferencia potentes e mais adecuadas para dar soporte as sesións prácticas, tanto para o traballo en grupo coma individual, coas que poden compartir e presentar materiais ou software de forma síncrona: Teams e salas de videoconferencia habilitadas pola facultade. O 72% emprega algunha delas e en ocasións ambas o que permite un grado de interacción alto co alumnado e que este se relacione de forma directa cos compañeiros permitindo actividades como compartir ideas e debater en directo sendo estas actividades moi importantes na docencia de esta Facultade. Estas ferramentas son mais persoais e as mais adecuadas para o soporte social dado o confinamento. Outras ferramentas como o teléfono ou WhastApp aparecen en dúas materias.

3. Adaptación da programación docente

Na totalidade das materias fixéronse adaptacións nos apartados da programación (Obxectivos; Contidos; Metodoloxía; Actividades expositivas; Actividades interactivas; Temporalización; Recursos; Fontes documentais; Avaliación continua) non só no caso dos apdos. solicitados dende o Reitorado. As modificacións teñen incidencia con diferente peso nos apdos. do programa: Obxectivos (17%); Contidos (50%); Metodoloxía (94%); Actividades expositivas (94%); Actividades interactivas (94%); Temporalización (78%); Recursos (83%); Fontes documentais (61%); Avaliación continua (67%); Avaliación final (50%).

Comentamos por apdos. de menor a mais modificacións, e trátase a avaliación aínda que nestes momentos non era imprescindible por falta de regulamento ante a situación excepcional:

-Os que menos cambios sufriron foron os obxectivos (3 materias) dado que son os que definen a consecución das competencias e non poden deixar de traballarse na materia. As posibles adaptacións poden relacionarse coas dificultades para traballar en docencia práctica (por exemplo materias que precisan de equipamentos específicos ou medios didácticos moi especializados, software) e que precise por elo unha reformulación nalgún parte da redacción do obxectivo.

-Os contidos (50%) e as fontes documentais (61%) teñen en conta a necesaria organización segundo as posibilidades de ofrecer ao alumnado materiais suficientes para traballar dende as súas casas xa que non todos están en formato dixital.

-A Temporalización (78%) ten que sufrir modificacións para a flexibilización necesaria nestes casos de traballo a distancia e queda reflexada na alta porcentaxe. Estas novas formas a distancia modifican os ritmos por a dispoñibilidade e dificultades de conexión tanto para o acceso as redes como por os tempos que ralentízanse.

-No caso dos Recursos (83%) a súa porcentaxe corresponde coa importancia de seleccionar aqueles que sexan dixitais e gratuítos para que se teña acceso dende o fogar.

-As porcentaxes mais altas están en Metodoloxía (94%), Actividades expositivas (94%), Actividades interactivas (94%) como era de esperar xa que a non presencialidade require xerar novos escenarios dixitais de aprendizaxe, actividades, e tarefas e repensar cales medios poden ter a disposición o alumnado para desenvolverlas. É o mais importante para acadar a formación de calidade.

-O profesorado tamén adaptou a avaliación continua (67%) que se ven facendo dende o principio do semestre para atender os cambios metodolóxicos e a flexibilización da temporalización. E Avaliación final (50%) tamén recolle algúns cambios, aínda que a porcentaxe non é mais alta xa que pode ser que o profesorado estivera a espera das recomendacións do Reitorado.

De xeito complementario aos cambios realizados nas programacións docentes das materias presentadas na táboa anterior, faise referencia ás levadas a cabo nas referidas ás materias de Practicum I e Practicum II en Pedagogía. No caso de Practicum I o alumnado levaba unha semana de estancia no centro de practicas e no caso do Practicum II xa terminaran a estancia e estaban no proceso de elaboración das memorias. Polo tanto, as modificacións adaptáanse a situacións moi diferentes. (Véxase informe completo)

4. Materiais, recursos e ferramentas das materias

No caso da tipoloxía de axudas (recursos, ferramentas, materiais, orientacións, etc.) que o profesorado ofrece ao seu alumnado para guiar o proceso de aprendizaxe e garantir a adquisición das competencias observase una moi ampla variedade: Presentacións de aula, Esquemas, Cadernos de prácticas, Tutoriais, Artigos, Enlaces a web, Vídeos, Audios/podcast, Catálogos, Imaxes, Manuais, Visitas virtuais.

O profesorado fundamentalmente traballa os contidos con materiais seleccionados e diseña representacións adaptada ao alumnado (Presentacións de aula (89%), Esquemas (39%), Manuais (17%), Artigos(67%)) que poñe a disposición no entorno virtual. Emprega os Cadernos de prácticas nun 33% das materias que facilitan non só as instrucións das prácticas e a consulta constante para seguir as actividades senón que permite que as orientacións que estaría dando no acompañamento na docencia presencial queden reflexadas no caderno e estean dispoñibles no fogar. Estes materiais requiren tempo e traballo na súa creación.

Entre os outros recursos para traballar nas prácticas destacamos os Tutoriais, Enlaces a web, Vídeos, Audios/podcast, Catálogos, Imaxes, Visitas virtuais que en conxunto están no 89% das materias. Estes recursos permiten ao alumnado experimentar e interactuar co coñecemento aplicado e así realizar un aprendizaxe personalizado e máis autónomo. Ademais teñen formato dixital e interactivo e son coñecidos polo alumnado.

5. Planificación e adaptación de materiais

A adaptación das materias quedan reflectidas no apdo. 3 deste informe das modificacións das programacións e apreciase que no conxunto do profesorado fixeron cambios coherentes para atender a situación de non presencialidade con cambios en todos os elementos do programa e reforzando coas porcentaxes mais altas nas formas de traballo (94%), a adecuación de ritmos (78%) e a selección de recursos (83%). No apdo. 4 deste informe analízanse os recursos, ferramentas e materiais empregados e destacamos que todos os cambios están orientados a ofrecer un amplo conxunto de materiais que están pensados para facilitar ao alumnado moitas oportunidades de estudo, de orientación e de traballo autónomo. Así mesmo para dar soporte a docencia non presencial é preferente o uso do campus virtual (89%) e a maioría cunha frecuencia moi alta (4-5) o acompañado das salas de videoconferencia cun 78%. As salas de videoconferencia son unha das ferramentas mais adecuadas para as aprendizaxes en grupo e nesta situación é o soporte para a aprendizaxe social, ademais de servir para a orientación do profesorado as dinámicas iniciadas nos soportes virtuais.

Na planificación os aspectos que mais se modificaron foron a Metodoloxía (94%), Actividades expositivas (94%), Actividades interactivas (94%). Todas elas están mais comprometidas co cambio a non presencialidade que require xerar novos escenarios dixitais de aprendizaxe, actividades, e tarefas e repensar os tempos (78%) para a súa realización. Estes aspectos son os mais importantes para acadar a formación de calidade buscando a flexibilización necesaria nestes casos.

As modificacións de cara as novas formas de traballo para a docencia a distancia teñen en conta os diferentes ritmos para adecuarse a dispoñibilidade e dificultades de conexión tanto para o acceso as redes como por os tempos que ralentízanse. A planificación semanal das actividades e tarefas ten que atender as variacións de medios e conexións. O 83% do profesorado presentoulle ao alumnado, e vai actualizando en función das novas necesidades, unha calendarización e temporalización clara para organizarse na docencia non presencial.

A planificación e o seguimento do proceso de aprendizaxe está soportada por un conxunto de canles moi amplo (empregan 3 ou mais o 67% das materias, véxase apdo.2) que facilita a comunicación constante co alumnado tanto individualmente como en grupo.

As actividades prácticas precisan de tempo e ao profesorado a planificación por semanas non resulta fácil e sobre carga de tarefas o tempo total dos días. Nas tres primeiras semanas un 50 % das materias non pasaron de unha actividade por semana, pero o 33% asignaron 5-6 actividades e o 17% chegaron a asignar entre 9-11 actividades. Parece que o profesorado non contempla o horario repartido pola semana entre varias materias, e estima que o alumnado ten moitas mais horas para facer traballo autónomo e os encargos están descompensados. Isto dificulta o progreso do proceso formativo.

6. Valoración das ferramentas dispoñibles e carga de traballo

As valoracións das ferramentas telemáticas dispoñibles na USC se son adecuadas e suficientes para desenvolver a docencia non presencial é do 72% das materias nas máximas (entre 5-4), indicador de alta aceptación aínda que a valoración 2 acada o 17%.

Outra cuestión que precisa de ferramenta telemática é a avaliación final xa que o 94% das materias non precisa avaliación presencial. Un pequeno porcentaxe require unha ferramenta telemática (33%) a maiores das dispoñibles na aula virtual do campus da USC.

O emprego de o conxunto de recursos telemáticas e o esforzo por elaborar e seleccionar materiais e o conxunto de dinámicas para dar soporte a docencia non presencial supoñen unha sobre carga excesiva para o 72% do profesorado das materias. Isto incrementouse ao ser unha situación sobrevida e que non deixou tempo de preparación e a planificación realizase en simultáneo ao desenvolvemento

7. Observacións, dificultades e suxestións

O profesorado está rexistrando dificultades e preocupacións que poden servir de indicadores para mellorar a situación ao que estamos sometidos nestes momentos toda o persoal docente e o alumnado:

1.- Creación de moitos materiais didácticos sen tempo nin formación

2.- O fluxo de consultas polos canles de comunicación individual é excesivo e todo o tempo da xornada de traballo dedícase a iso e as outras tarefas exceden a carga horaria diaria.

3.- O profesorado solicita unha formación pedagóxica mais ampla dende os cursos do PFID para mellorar a explotación educativa de ferramentas tecnolóxicas .

4.- A USC tiña que eliminar procedementos burocráticos para que o profesorado poda traballar na calidade da docencia

8. Indicación das accións de coordinación

As dinámicas de comunicación, traballo e colaboración tamén están a empregar múltiples canles de comunicación e o fluxo de información é constante

-Sesións de traballo e coordinación por videoconferencia (decanato, coordinación título, equipos por curso)

-Comunicacións ao alumnado a través da aula virtual de Coordinación e a través do correo electrónico institucional.

-Comunicacións ao profesorado a través da aula virtual de Coordinación e a través do correo electrónico institucional.

-Comunicación cos delegados/as de cada un dos cursos a través do correo electrónico institucional co fin de proporcionar información relevante, a cal será remitida aos grupos de WhatsApp que teñen creados.

-Resposta ás dúbidas e cuestións formuladas polo alumnado (a través do correo electrónico institucional) e profesorado (a través do correo electrónico institucional, teléfono e videoconferencias) desde a coordinación.

1.4. Os criterios de admisión aplicados permiten que os estudantes admitidos teñan o perfil de ingreso adecuado para iniciar estes estudos.

Aspectos a valorar:

- Coherencia entre o perfil de ingreso establecido na memoria verificada e o perfil real do estudiantado matriculado no título.
- No seu caso, os complementos de formación compren a súa función en canto á nivelación e adquisición de competencias e coñecementos por parte dos estudantes que os cursen.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

1. 82,2 dos matriculados elixen esta titulación entre o primeiro e segundo nivel de preferencia (Informe CIUG) superando o porcentaxe do curso anterior 79,4%.

2. Nesta titulación as distintas vías de acceso foron cubertas nun 100% na convocatoria de xuño. Cabe destacar que un 90% do alumnado procede de Bacharelato aumentando a 10% o de Formación profesional (Informe CIUG) estes datos modifican o perfil cunha maior captación no perfil de bacharelato maior que o ano anterior (76.4%) que ten un perfil adecuado a titulación..

3. En canto a outra caracterización do perfil na elección da titulación por cotas e procedencia (Informe CIUG) presenta os seguintes datos:

- 1 persoa que entran pola cota de maiores de 45 anos
- 1 persoas entran despois de cursar outra titulación superando a oferta que estaba en unha praza.
- Por xénero o 82% son mulleres,
- Por procedencia aumentou ao 98,28% son de Galicia co que se demostra a integración na sociedade galega da titulación e a resposta á demanda da contorna socioeconómica.
- Os estudantes nacionais descenderon a 1segundo a tendencia de anos anteriores. O número de estranxeiros volve a baixar con dúas persoas

O centro emprega sistema de información previa, a matriculación e os procedementos accesibles de acollida e orientación dos estudantes de novo ingreso para facilitar a súa incorporación á titulación do grao en Pedagogía da USC. No Informe Satisfacción Grao en Pedagogía (INF.04 2019-2020) a pregunta “Cal é a túa valoración da atención, recepción e acollida” responden cunha puntuación de 4.42 (1-5)

A información previa dende a páxina web da Facultade foi mellorada e valorada pola USC como modelo a seguir para outros centros.

Ademais fomentouse a información para a captación de estudantes mediante o programa “A Ponte entre o Ensino Medio e a USC” no que diversos profesores e egresados do grao de Pedagogía visitan centros de Ensino Medio impartindo así mesmo charlas temáticas nos centros. Neste curso ampliáronse as presentacións a una visita de varios centros educativos a USC. Podemos concluír que a captación de estudantes acorde co perfil e axeitada xa que a nota media de acceso por preinscrición aumentou de de 8.29 a 9.13 (INF CIUG).

1.5.- A aplicación das diferentes normativas contribúe á eficiencia nos resultados do título.

Aspectos a valorar:

- A aplicación das distintas normativas (normativa de permanencia, os sistemas de transferencia e recoñecemento de créditos, así como outras relacionadas coa avaliación, traballos fin de grao/máster, prácticas externas, ...) desenvólvense segundo o establecido nelas, tendo en conta as competencias previamente adquiridas polo estudante e as competencias a adquirir no título. Impacto delas nos resultados.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

A nova normativa do TFG que permite a opcionalidade entre unha defensa ante tribunal ou ante o titor permite axilizar o proceso e parece incidir na taxa de gradación.

Os cambios na normativa de TFG aprobados foron axeitados as necesidade de flexibilización do proceso de defensa nesta facultade sendo a taxa de gradación da titulación de 61,54% superior a da área de Ciencias Sociais e Xurídicas (55,57) e da USC (58,53) (IN37G). A baixa respecto ao curso anterior enténdese como a estabilización xa que a bolsa de estudiantado pendente da graduación polo TFG regularizouse. Nesta curso a media da tasa baixa desde o ano anterior pero explicase pola situación derivada do COVI_1: Pero sigue sendo máis alta que a da USC e a área de CC.SS.e Xurídicas

	2014-15	2015-16	2016-17	2017-18	2018-19	2019-20
Total (%)	60,00	68,00	72,31	83,56	71,21	61,54
Media Área de Ciencias Sociais e Xurídicas	55,10	59,00	56,27	60,22	59,05	55,57
Media USC	46,28	54,99	56,37	57,97	58,23	58,53

Esta nova normativa tamén ten efecto nos seguintes datos:

1. Na taxa de éxito que sendo alta respecto a outras titulacións da USC incrementouse respecto aos anteriores (IN35G)

	2014-15	2015-16	2016-17	2017-18	2018-19	2019-20
1º curso	93,48	88,19	85,68	88,88	87,50	97,68
2º curso	95,73	97,46	96,69	93,53	95,01	95,81
3º curso	93,26	95,36	94,07	93,47	95,16	98,51
4º curso	98,47	99,72	100,00	99,74	99,66	99,58
Sen asignación a curso	100,00	100,00	100,00	100,00	100,00	100,00
Total (%)	95,19	94,95	93,62	93,43	94,05	97,90
Media Área de Ciencias Sociais e Xurídicas	86,94	87,12	87,50	87,19	87,86	92,80
Media USC	85,70	86,20	87,35	87,21	87,78	94,17

2. Na taxa de avaliación, tamén incrementouse sobre os cursos anteriores (IN36G)

	2014-15	2015-16	2016-17	2017-18	2018-19	2019-20
1º curso	90,69	90,58	94,78	91,47	95,29	92,89
2º curso	94,21	95,46	94,52	94,05	96,23	98,82
3º curso	96,27	97,47	92,67	96,92	97,91	99,33
4º curso	92,44	91,57	94,14	94,94	95,54	95,32
Sen asignación a curso	100,00	100,00	100,00	85,29	100,00	45,45
Total (%)	93,37	93,60	94,10	94,01	96,31	96,31
Media Área de Ciencias Sociais e Xurídicas	88,73	87,77	88,19	89,33	90,07	93,86
Media USC	89,35	89,08	89,66	89,99	90,55	94,21

En canto á normativa de transferencia e recoñecemento de créditos, na Memoria verificada nesta titulación contempla:

- o recoñecemento de créditos cursados en ensinanzas superiores oficiais non universitarias ata 30 cred.
- o recoñecemento de créditos cursados por Acreditación de Experiencia Laboral e Profesional ata 36 cred.

A USC ten unha Normativa de avaliación do rendemento académico dos estudantes e de revisión das cualificacións. Nesa normativa contemplase tamén un apoio tutorial extraordinario.

DIMENSIÓN 1. A XESTIÓN DO TÍTULO

CRITERIO 2. INFORMACIÓN E TRANSPARENCIA:

Estándar: A institución dispón de mecanismos para comunicar de maneira adecuada a todos os grupos de interese as características do programa e dos procesos que garanten a súa calidade.

Analizar e valorar se a información relevante sobre o título é pública e está dispoñible, en tempo e forma, para todos os axentes implicados nel (estudantes, empregadores, administracións educativas e outros grupos de interese).

2.1.- A institución publica, para todos os grupos de interese, información obxectiva, suficiente e actualizada sobre as características do título e sobre os procesos que garanten a súa calidade.

Aspectos a valorar:

- Publícase información suficiente e relevante sobre as características do programa formativo, o seu desenvolvemento e os resultados alcanzados.
- A información sobre o título é obxectiva, está actualizada e é coherente co contido da memoria verificada do título e as súas posteriores modificacións.
- Garántese un fácil acceso á información relevante do título a todos os grupos de interese.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

O decanato e a coordinación ten canles de difusión e transparencia con toda a comunidade académica do centro. Os instrumentos son múltiples e permiten o acceso de varias formas:

Aberto: na web da facultade que permite navegar por accesos múltiples e isto facilita atopar aspectos concretos nunha titulación como son os horarios, a documentación de apoio académico e de procesos dos TFG ou Prácticas Externas, as programación de materias, etc. Tamén difunde as actividades formativas a académicas do centro para dinamizar a participación e servir tamén de foro a sociedade..

Pechado: Os inscritos nas aulas de coordinación; na do título pertence todo o alumnado e profesorado da titulación e a de curso permite traballar por intereses de cada curso. As aulas de coordinación están permanentemente actualizando información.

Pechado: listas de distribución de centro.

A Satisfacción do egresados coa información pública dispoñible (IN23G) non ten puntuacións neste curso académico

No caso do alumnado que cursa a titulación na puntuación sobre si a información dispoñible sobre a titulación é axeitada (INF.22_2019-20) baixa a 2.99.

Nestes momentos a USC está cambiando o xestor web e aparece a información en formato diferente no caso das web das facultades que aínda están na aplicación vella.

DIMENSIÓN 1. A XESTIÓN DO TÍTULO

CRITERIO 3. SISTEMA DE GARANTÍA DE CALIDADE:

Estándar: A institución dispón dun sistema interno de garantía da calidade formalmente establecido e implementado que asegura, de forma eficaz, a mellora continua da titulación.

Analizar a implantación do Sistema de Garantía de Calidade (SGC) e valorar a súa contribución á mellora continua do título.

3.1.- O SGC posúe os mecanismos necesarios para recoller a información precisa, analízala, detectar debilidades e propoñer accións de mellora, realizando o seu seguimento.

Aspectos a valorar:

- Os procedementos que permiten recoller a información de forma continua, analizar os resultados e empregalos para a toma de decisións e a mellora da calidade do título, desenvóléronse de acordo ao establecido.
- No caso dos títulos interuniversitarios ou dos títulos que se imparten en varios centros da Universidade, as accións levadas a cabo como consecuencia da implantación do SGC están coordinadas en todos os centros participantes no programa formativo.
- Os procedementos de avaliación e mellora da calidade da ensinanza e o profesorado desenvólense de acordo ao establecido.
- O procedemento de suxestións e reclamacións desenvólense de acordo ao establecido.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

A Facultade de Ciencias da Educación conta cunha Política de Calidade definida no Manual do SGC exposta publicamente na páxina Web da Facultade para o coñecemento dos grupos de interese e da sociedade en xeral. Na web da facultade tamén está dispoñible o Manual de procesos do SGC. Esta Política revísase con periodicidade, a máis recente actualización da mesma data do ano 2020, e está plenamente vixente.

3.2.- A implantación do SGC facilita o seguimento dos títulos, a renovación da acreditación e garante a mellora continua permitindo a introdución de modificacións no título.

Aspectos a valorar:

- As accións de análise e revisión levadas a cabo desde o SGC permiten introducir modificacións para a mellora no título.
- O seguimento das melloras do título confirma que estas foron eficaces e que se conseguiron os obxectivos formulados.
- Os plans de mellora recollen as recomendacións dos diferentes informes derivados do proceso de verificación, modificación, seguimento e renovación da acreditación.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

Así mesmo, a Facultade de Ciencias da Educación conta cun Plan Estratéxico, aprobado pola Comisión de Calidade e Planificación delegada do Consello de Goberno o 03/03/2021. Neste documento defínense a misión, visión e valores da facultade así como as liñas estratéxicas, vinculadas ao desenvolvemento dos programas formativos. Cada unha destas liñas desprégase en obxectivos estratéxicos, que son a referencia, xunto coa análise dos procesos e resultados, para a actualización anual dos obxectivos de calidade

3.3.- O SGC implantado revísase periodicamente para analizar a súa adecuación e, se procede, establécense as melloras oportunas.

Aspectos a valorar:

- A análise e revisión do SGC, no que participan todos os grupos de interese, deriva en plans de mellora (responsables, calendario de execución, etc.).
- Todos os grupos de interese foron implicados no proceso de elaboración, implantación e seguimento das melloras do SGC.
- As evidencias do SGC manifestan a existencia dunha cultura de calidade consolidada no centro que contribúe á mellora continua.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

A actualización de documentación; Manual do SGC e o Manual de procesos do SGC, a elaboración do Plan Estratégico e, principalmente, a Acreditación Institucional do Centro, son elementos fundamentais, aos que a decana, o equipo decanal e a Comisión de Calidade do Centro (CCC), adiaran unha parte moi importante da súa actuación.

DIMENSIÓN 2. RECURSOS

CRITERIO 4. RECURSOS HUMANOS:

Estándar: O persoal académico e de apoio é suficiente e adecuado de acordo coas características do título e o número de estudantes.

Analizar e valorar a adecuación do persoal académico e de apoio que participa no título obxecto de avaliación.

4.1.- Persoal académico. O título conta con profesorado suficiente e a súa cualificación é a adecuada, tendo en conta as características do plan de estudos, as modalidades de impartición e as competencias que deben alcanzar os estudantes.

Aspectos a valorar:

- O profesorado que participa no título conta co nivel de cualificación (experiencia docente e investigadora) exigido para a súa impartición e é acorde coas previsións que se incluíron na memoria verificada. Revisarase especialmente o perfil do persoal académico asignado ao primeiro curso de títulos de grao, a prácticas externas e asociado ao Tránsito de Grao ou Tránsito de Máster.
- O profesorado é suficiente para desenvolver as funcións e atender a todos os estudantes.
- A institución ofrece oportunidades ao profesorado para actualizarse e continuar coa súa formación co obxectivo de mellorar a actividade docente.
- Participación do profesorado en programas de mobilidade.
- No seu caso, a Universidade fixo efectivos os compromisos incluídos na memoria de verificación do título relativos á contratación e mellora da cualificación docente e investigadora do profesorado.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

Segundo os datos recollidos no Informe de Indicadores da Facultade de Ciencias da Educación a análise do perfil do profesorado é o seguinte:

1. Cualificación do profesorado que participa no título

Os datos do curso 2018-19 (E15_2019-2020) informan que no título participan 52 docentes. Estes 52 docentes, divídense nas seguintes categorías: Catedrático/a de Universidade, 5; Titular de Universidade, 13; Contratado Doutor, 11; Axudante Doutor LOU, 5; Asociado de Universidade LOU, 4; Profesor Interino, 6; Profesor interino TP 2, Contrato Predoutoral 6. A modificación da plantilla do profesorado aumentou a interinidade os contratos a TP.

1.1. Os datos (IN24G) indican que a relación porcentual entre o PDI con sexenios e o PDI total con docencia no título foise incrementando, pero sempre lonxe da media da USC que está en 13 puntos mais con 84,72.

Neste curso aparece por segunda vez a relación coas titulacións da mesma área científica de Ciencias Sociais e Xurídicas e na evolución pódese salientar que as porcentaxes sempre son superiores na titulación de Educación en todos os cursos con datos rexistrados, e no 2019-20 supera en 8 puntos. Este dato é moi relevante dado o esforzo que desempeña o PDI do centro ao traballar nas condicións de plantilla do persoal sempre por debaixo das necesidades docentes e clases con números de alumnado excesivos. Esforzo que dificulta manter os estándares na capacidade investigadora.

	2014-15	2015-16	2016-17	2017-18	2018-19	2019-20
Total (%)	56,41	68,97	68,75	68,75	71,88	72,41
Media Área de Ciencias Sociais e Xurídicas	37,34	55,43	60,11	61,95	64,77	64,63
Media USC	60,56	79,37	81,20	81,62	84,22	84,72

1.2. No perfil do profesorado a porcentaxe de PDI doutor no título (IN25G) mantense o proceso xeneralizado de descenso que parecía coa tendencia contraria o ano anterior. Aínda que na comparativa coa media da USC sempre estamos por baixo entre 2-5 puntos en relación a área de Ciencias Sociais e Xurídicas temos datos superiores en toda a evolución de anos rexistrados

	2014-15	2015-16	2016-17	2017-18	2018-19	2019-20
Total (%)	87,18	89,74	80,00	76,00	77,08	76,00
Media Área de Ciencias Sociais e Xurídicas	75,67	77,46	75,64	73,76	71,82	70,96
Media USC	85,03	86,00	85,81	83,14	83,65	83,73

1.3. Seguindo coa tendencia dos resultados anteriores, observamos, segundo os datos (IN26G) que a relación porcentual entre o PDI funcionario e o PDI total con docencia no título, decreceu de forma importante nos últimos cursos académicos 2016-17 e 2017-18 e 2018-2019 de case 30 puntos, tamén neste 2019-20 baixa 7 puntos. Nestes momentos o persoal funcionario suman o 34,62 % (E15_2019-20). A tendencia tamén aparece na media da USC aínda que os datos do centro teñen sempre una puntuación menor en case 25 puntos en toda a evolución. En relación a área de Ciencias Sociais e Xurídicas tiñamos datos superiores en toda a evolución de anos rexistrados ata o actual onde se inverte a tendencia. Estes datos reflexan as políticas do Estado desde o ano 2012 coa redución de plantilla e o limitación da tasa de reposición durante a crise que prexudicou a universidade española.

	2014-15	2015-16	2016-17	2017-18	2018-19	2019-20
Total (%)	64,10	61,54	53,33	42,00	41,67	34,00
Media Área de Ciencias Sociais e Xurídicas	52,98	51,09	49,86	42,73	38,00	38,43
Media USC	64,60	64,02	64,42	59,41	56,28	58,76

Como conclusión global podemos indicar que a evolución mostra que decreceu o PDI con sexenios, PDI doutor e PDI funcionario na tendencia que ten relación co aumento nas xubilacións de profesorado pola pirámide da plantilla da USC e as condicións de contratación que paralizaron a carreira profesional dos docentes na USC precarizando as prazas con perfil de asociados con contratos de poucas horas (Asociado de Universidade LOU, 3; Profesor Contratado Interino, 10) que alcanzan 32,7% (E15_2019-20) aumentando desde o curso anterior 21,31% e sumando a iso os contratos predoutorais cun 11,54%

2. Prácticas externas

1.1. A satisfacción do alumnado cos programas de prácticas externas (IN19G), despois duns anos nos que tiña descendido, viuse incrementada de forma importante e no curso 2017-18 superou por primeira vez el valor 4, e o curso 2018-19 baixou de forma escasa 3 décimas. En relación ao curso 2019-2020 non existen datos derivado das circunstancias sociais e sanitarias vividas no país.

	2014-15	2015-16	2016-17	2017-18	2018-19	2019-20
Total	3,64	3,62	3,99	4,06	3,74	-

1.2. A satisfacción dos titores externos cos programas de prácticas externas (IN20G), é maior que a dos estudantes e ademais consolidase a un nivel moi alto cunha puntuación do 4,08 no curso académico 2019-2020 dado que o rango é de 1-5. En relación ao curso 2019-2020 non existen datos derivado das circunstancias sociais e sanitarias vividas no país.

	2014-15	2015-16	2016-17	2017-18	2018-19	2019-20
Total	3,89	4,12	4,19	4,12	4,08	-

1.3. E no caso dos titores académicos (IN21G) incrementouse tamén a valoración realizada respecto a os cursos anteriores que teñen una media de 4 e segue a alza con 4.43 no 2019-2020. En relación ao curso 2019-2020 non existen datos derivado das circunstancias sociais e sanitarias vividas no país.

	2014-15	2015-16	2016-17	2017-18	2018-19	2019-20
Total	-	4,10	3,93	4,21	4,43	-

Os tres indicadores reflexan unha tendencia de mellora significativa na satisfacción dos participantes nas prácticas externas e que pode relacionarse coas actividades de mellora implementadas nos últimos anos.

3. Número de docentes

3.1. En relación á ratio de estudantes por profesor a tempo completo (IN30G) podemos indicar que só temos os datos ata o curso 2015-16, polo que analizaremos outras tablas relacionadas coa ratio pero presentadas por tipo de docencia.

3.2. A media de alumnos por grupo de teoría mide a relación entre o número de alumnos matriculados e o número de grupos de teoría. Este dato (IN31G) demostra que no curso académico 2016-17, aínda que con un pequeno descenso, se segue a manter a tendencia no ano 2017-18 aumentando en décimas 62,83. (non temos datos de cursos mais alá dese ano..)

3.3. Por outro lado, a media de alumnos por grupo de docencia interactiva, é dicir, a relación entre o número de alumnos matriculados e o número de grupos de docencia interactiva (IN32G), presenta unha tendencia de consolidación.

	2014-15	2015-16	2016-17	2017-18	2018-19	2019-20
Grupos clínicos	-	-	-	-	-	-
Grupos de laboratorio	21,52	23,89	20,81	20,33	21,30	22,00
Grupos de seminario	30,76	29,66	31,36	31,96	27,44	27,17
Total	26,40	28,15	28,12	28,72	25,69	25,66

Os datos do apdo. 3.3 confirma o éxito da estratexia de baixar a oferta de prazas de nova matrícula para reducir a taxa de ocupación ao 100% e non superala como pasada en cursos anteriores. Esta decisión ten influencia directa na calidade da docencia, no seguimento das actividades prácticas nas materias, e promover tamén aprendizaxes de forma individualizada.

Neste curso obtense dos novas tablas de cálculo da docencia que mostra tamén o axuste:

IN55G: Media de alumnos matriculados en materias (FB e OB) por grupo de teoría (expositivas) 74,18

IN56G: Media de alumnos matriculados en materias optativas por grupo de teoría (expositivas) 35,62

4- Satisfacción sobre a docencia

4.1. - Os indicadores de satisfacción de estudantes en relación a docencia que reciben permítenos coñecer a opinión dese grupo de interese. Os datos (IN46G) revelan que a satisfacción dos estudantes se estabiliza en datos altos (4,11). Esta evolución sempre por riba de 3,5 puntos e mellorando progresivamente mostra o esforzo docente realizado pola plantilla e o polo centro que ten dificultades estruturais de falta de dotación de recursos humanos e materiais.

	2014-15	2015-16	2016-17	2017-18	2018-19	2019-20
Total	3,96	3,84	3,88	4,02	4,12	4,11

4.2. A satisfacción do profesorado coa docencia impartida (IN47G) mostra unha puntuación que foi incrementándose todos os anos aínda que a valoración mais antiga xa reflexaba un valor de 3,90 e non era baixa. Esta tendencia segue manténdose.

	2014-15	2015-16	2016-17	2017-18	2018-19	2019-20
Total	3,94	3,94	3,99	4,05	4,26	4,24

5. Actualización e formación continua do profesorado

A satisfacción global do PDI coas actividades formativas desenvolvidas (IN28, P.Ind_2019_20) no curso académico 2019-20 seguen na tendencia progresiva de aumentar partindo sempre de puntuación moi elevadas con un 4,46% sobre 5

	2014-15	2015-16	2016-17	2017-18	2018-19	2019-20
Satisfacción media do PDI coas actividades formativas desenvolvidas (1-5)	4,44	4,33	4,35	4,39	4,29	4,46

O profesorado non é suficiente para desenvolver as necesidades da docencia polo excesivo número de alumnado nos grupos. Cos datos de satisfacción pode valorarse que o profesorado centrouse na mellora da docencia en detrimento da súa participación en actividades formativas e en mobilidade.

4.2.- Persoal de apoio (persoal de administración e servizos, técnicos de apoio á docencia, etc.). O título conta con persoal de apoio suficiente e a súa cualificación é a adecuada, tendo en conta as características do plan de estudos.

Aspectos a valorar:

- O persoal de apoio é suficiente para desenvolver as funcións e atender a todo o persoal docente e estudantes.
- O persoal de apoio que participa no título conta co nivel de cualificación exixido e é acorde coas previsións que se incluíron na memoria verificada.
- No seu caso, a Universidade fixo efectivos os compromisos incluídos na memoria de verificación do título relativos á contratación e mellora do persoal de apoio.
- A institución ofrece oportunidades ao persoal de apoio para actualizarse e continuar coa súa formación co obxectivo de mellorar a súa labor de apoio ao proceso de ensinanza-aprendizaxe.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

O persoal de apoio do centro ten que atender dúas ubicacións: campus norte e campus vida e, neste último dispón de tres edificios e un deles compartido coa facultade de Psicoloxía.

A enquisa de satisfacción do Persoal de Administración e Servizos (IN49) co traballo desenvolto acadá a puntuación mais alta cun 4 (1-%) por primeira vez. O persoal de apoio do centro é insuficiente para as tarefas de xestión das titulacións: 4 grados, 7 masters e 2 doutoramentos. Houbo aumento de plantilla do persoal no Apoio aos departamentos pero a maior parte das tarefas de seguimentos dos títulos non a realizan a nivel de departamento. senón a nivel de centro que ten a mesma plantilla.

A Satisfacción media do PAS coas actividades formativas desenvolvidas (IN29) e alta . O plan de formación é diferente ao do PDI e planifícase coas necesidades dos servizos e cunha programación axeitada polo responsable. Cada vez ofértanse mais cursos adecuados a actualización do posto de traballo e non como un catálogo xeral para a categoría PAS.

Nome	2014-15	2015-16	2016-17	2017-18	2018-19	2019-20
Cálculo (1-5 ata o curso 2017/2018) (1-10)	4,11	3,99	3,91	3,99	7,84	7,64

DIMENSIÓN 2. RECURSOS

CRITERIO 5. RECURSOS MATERIAIS E SERVIZOS:

Estándar: Os recursos materiais e servizos postos a disposición do desenvolvemento do título son os adecuados en función da natureza, modalidade do título, número de estudantes matriculados e competencias a adquirir.

Analizar e valorar se os recursos materiais e servizos postos a disposición dos estudantes son os adecuados ás necesidades do título.

5.1.- Os recursos materiais, infraestruturas e servizos postos a disposición dos estudantes e o profesorado son suficientes e adecuados ás características do plan de estudos, ás modalidades de impartición e ás competencias que deben alcanzar os estudantes.

Aspectos a valorar:

- As infraestruturas destinadas ao proceso formativo son as adecuadas en función da natureza e modalidade do título. Prestarase especial atención á dispoñibilidade de aulas, salas de estudo, aulas de informática e recursos informáticos, laboratorios, salas de reunións, biblioteca, ...
- Os recursos materiais, postos a disposición dos estudantes, son os adecuados en función da natureza e modalidade do título e as competencias a adquirir por eles y coinciden coas previsións que se incluíron na memoria de verificación. Prestarase especial atención á dispoñibilidade de equipamento e material científico, técnico, asistenciais e artístico, (dependendo da tipoloxía de ensinanza), ...
- Aplicación das normativas de accesibilidade universal e deseño para todos, seguridade, saúde e medio ambiente e coñecemento delas polos axentes implicados.
- Os fondos bibliográficos, recursos documentais, ... son suficientes e están actualizados.
- No seu caso, a Universidade fixo efectivos os compromisos incluídos na memoria de verificación do título relativos á creación, posta en marcha ou utilización de novas infraestruturas ou servizos externos á Universidade.
- Os servizos de orientación académica (selección de materias, problemas de aprendizaxe, necesidades especiais, aloxamento,...) e orientación profesional postos a disposición dos estudantes son apropiados para dirixilos e orientalos nestes temas.
- Os servizos de atención ao estudante (documentación, informes de cualificacións, actas, certificados académicos, tramitación de solicitudes de validacións ou de traslado,..) postos á súa disposición son apropiados para dirixilos e orientalos nestes temas.
- Os programas de acollida e apoio ao estudante oríentano no funcionamento da institución.
- Tendo en conta as diferentes modalidades de impartición do título, analízase e revísase o grao de adecuación, para a consecución das competencias por parte dos estudantes, das infraestruturas tecnolóxicas e servizos tanto no centro responsable do título como, no seu caso, en centros externos (centros de prácticas, empresas, centros asociados, etc.).
- No caso de que o título contemple a realización de prácticas externas, as instalacións onde se realizan son adecuadas para a adquisición das competencias.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

Melloras relacionadas cos recursos materiais:

1. Flyers Máster Procesos de Formación. 77,63 euros.
2. Rotulación- sinalética Campus Norte e Campus Vida. 2.316,86 euros.
3. Mobiliario móbil Aula 3 Módulo A Campus Vida. 3.618,02 euros.
4. Mobiliario móbil Aula 1 Campus Norte. 16.882,88 euros.
5. Mobiliario móbil Aula 3 Campus Norte. 11.372,42 euros.
6. 4 Ordenadores Aulas Campus Norte. 2.494,90 euros.
7. Mobiliario móbil: Aulas 4-5 e 6 Módulo C; Aula 6 Módulo A Campus Vida. 25.155,30 euros (mellora con mobles, accesibilidade e usabilidade aulas vellas, inclúe iluminación).
8. 2 PC Lenovo para reposición en aulas. 1238,40 euros.
9. DVD LG BLURAY 4K HDMI UBK80. Proxector OPTOMA LED ULTRAHD 4K. Salón de Actos Campus Vida. 2964,50 euros.
10. Ordenadores AIO ZM-H11 INTEL 24", WEBCAM CONCEPTRONIC, Trípode de mesa para aulas de laboratorio TIC, posto docente aula 8,16 Campus Vida. Aula 31 Campus Norte e Sala de teleformación. 3.436,40 euros.
11. Proxectores ACER. LOGITECH CONFERENCECAM CONNECT para renovación aulas TIC, salón actos e repostos.

3127,85 euros.

Melloras relacionadas coa accesibilidade:

1. Planos nos edificios da facultade, rotulación de saídas e elementos de seguridade.
2. No curso 2019-20 finalizou a adaptación dos aseos para eliminar barreiras que faciliten o seu uso e a mobilidade de todas as persoas usuarias do centro. Entre outras, colocación de portas de apertura automática nos accesos aos edificios do centro.
3. Eliminación de barreiras que impedían a mobilidade nas aulas.
4. No Salón de actos do Campus Vida elimináronse elementos que impedían a o acceso ao estrado principal a todas as persoas. Elimináronse filas de asentos para favorecer a seguridade e a mobilidade.

Cursos ofertados polo centro (formación a demanda)

[PFID.19far-12] Plan de Acción Tutorial: deseño

[PFID.19far-10] Configuración e uso de ferramentas para a avaliación no Campus Virtual

Melloras na área infraestruturas 2018- 2019

Facultade de Ciencias da Educación – Campus Norte e Campus Vida

CENTRO	ZONA ACTUACIÓN	DESCRIPCIÓN DO TRABALLO
Fac. CC. Educ./SUR	Campus Vida	2 Baños PMR Planta -1, Planta 0 Módulo A
Fac. CC. Educ./SUR	Campus Vida	Baños inclusivos - Módulo A
Fac. CC. Educ./SUR	Campus Vida	Moqueta Sala de Xuntas
Fac. CC. Educ./SUR	Campus Vida	Pulido y barnizado Sala Sarmiento
Fac. CC. Educ./SUR e Norte	Campus Vida/ campus Norte	Ampliación puntos wifi (completada rede wifi nos dous edificios)
Fac. CC. Educ./SUR	Campus Vida/ Campus Norte	Sinaléctica Campus Vida e Norte
Fac. CC. Educ./SUR	Campus Vida	Sustitución luminarias- led
Fac. CC. Educ./Psicoloxía	Campus Vida	Portas automáticas - Módulo C1 y Módulo C2, Módulo A
Fac. CC. Educ./NORTE	Campus Norte	Reforma integral Aula 1 e Aula 3
Fac. CC. Educ./NORTE	Campus Norte	Portas automáticas -Unha entrada
Fac. CC. Educ./NORTE	Campus Norte	Baños Planta primeira
Fac. CC. Educ./NORTE	Campus Norte	Ducha ximnasio-norte
Fac. CC. Educ./NORTE	Campus Norte	Reparación ximnasio
Fac. CC. Educ./NORTE	Campus Norte	Ampliación rosetas campus norte
Fac. CC. Educ./NORTE	Campus Norte	Fontanería
Fac. CC. Educ./NORTE	Campus Norte	Linea eléctrica pasillos decanato Norte
Fac. CC. Educ./NORTE	Campus Norte	Fase II ventanas campus Norte
Fac. CC. Educ./SUR	Campus Vida	Canalón acceso facultade módulo a –Sur
Fac. CC. Educ./SUR	Campus Vida	Equipamento Mobiliario Aulas 2-3 Módulo C2 e Aula 3 módulo A
Fac. CC. Educ./NORTE	Campus Norte	Equipamento Mobiliario Aulas 1, 3 e 14
Fac. CC. Educ. Sur /NORTE	Campus Norte e Campus Sur	Reformas e acondicionamento das Aulas 22 e 25
Fac. CC. Educ. Sur /NORTE	Campus Norte e Campus Sur	Mobiliario despachos enchufes, luminarias Leds e cadeiras de profesorado

Na páxina web da Facultade http://www.usc.es/gl/centros/cc_educacion/index.html infórmase de forma detallada das infraestruturas e servizos cos que conta o centro para dar soporte aos procesos formativos.

O alumnado da titulación realiza a seguinte valoración (INF.22_2019-2020) en ítems relacionados co apdo. coas seguintes puntuacións:

- “As infraestruturas e materiais dispoñibles no centro son axeitados?” 2,93 (aumenta lixeiramente respecto ao curso anterior, pero este dato
- O campus virtual é útil e facilita as miñas xestións académicas? 3,64 baixa cambiando a tendencia desde o ano anterior

No Grao de satisfacción dos egresados cos servizos (IN33G) a valoración media das preguntas relativas á satisfacción cos servizos da enquisa de egresados mostran incremento ata 3,76 no curso 2018-2019. Na evolución a maior puntuación foi no curso 2014-15 con 4.28 que reflicta moi boa valoración per a partir de ese curso mantense só por riba de 3,5. En relación ao curso académico 2019-2020 non posuímos datos derivado das circunstancias vividas neste curso.

	2014-15	2015-16	2016-17	2017-18	2018-19	2019-20
Total	4,28	3,76	3,63	3,52	3,76	-

Analizando o grao de satisfacción dos egresados cos servizos (IN33G) non temos datos do ano anterior polo que as melloras non aparecen valoradas

	2014-15	2015-16	2016-17	2017-18	2018-19	2019-20
Total	4,28	3,76	3,63	3,52	3,76	-

O Centro ten dificultades coa dotación de espazos e recursos xa que as dimensións das instalacións e o número de aulas son claramente insuficiente para atender as titulacións que ofértanse, todas elas con elevado número de matrícula. A evolución global marca una baixada relacionada coa confluencia de 7 titulacións que demandan moitos recursos.

Os servizos de apoio e orientación ao alumnado rexistran boa cualificación:

Satisfacción dos egresados coa información pública dispoñible (IN23G): aumentou dúas décimas ata 2,71 no curso 2018-2019.

	2014-15	2015-16	2016-17	2017-18	2018-19	2019-20
Total	3,60	2,90	2,83	2,53	2,71	-

DIMENSIÓN 3. RESULTADOS

CRITERIO 6. RESULTADOS DE APRENDIZAXE:

Estándar: Os resultados de aprendizaxe alcanzados polos titulados son coherentes co perfil de egreso e correspóndense co nivel do MECES da titulación.

Analizar os resultados de aprendizaxe alcanzados polos estudantes e se son coherentes co perfil de egreso e se corresponden co nivel do MECES do título.

6.1.- Os estudantes ao finalizar o proceso formativo adquiriron as competencias previstas para o título.

Aspectos a valorar:

- O desenvolvemento das actividades académicas, metodoloxías docentes, sistemas de avaliación e cualificación contribúen á consecución e valoración dos resultados de aprendizaxe previstos.
- Os resultados de aprendizaxe alcanzados satisfán os obxectivos do programa formativo e adecúanse ao nivel MECES.
- Os resultados de aprendizaxe téñense en conta para a revisión e mellora do plan de estudos.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

- Na taxa de rendemento do título (IN34G) mostra datos con puntuacións moi altas. Nos catro cursos da titulación desde o curso académico 2016-17 incrementáronse todas as puntuacións, agás no 4º curso que baixou 0,3 puntos no curso académico 2019-20. Esta baixada pode ter que ver co 45,45 % dos enquisados sen asignación a curso. No 1º curso sempre é lixeiramente máis baixa pero ao ser o comezo da formación universitaria pode influír o cambio metodolóxico respecto ao nivel de secundaria. Na evolución da puntuación global incrementouse no curso 2019-20 acadando a máxima ata agora de 94,29 superando a media tanto a área de Ciencias Sociais e Xurídicas e a da USC en máis de 5 puntos.

Cabe indicar que no curso 2019-20 a taxa de rendemento do título (IN34G) en todos os cursos supera o 90% e é un pouco máis elevada que a do curso anterior (3.71 puntos).

	2013-14	2014-15	2015-16	2016-17	2017-18	2018-19	2019-20
1º curso	83,86	84,78	79,88	81,21	81,29	83,38	90,74
2º curso	87,47	90,19	93,04	91,39	87,96	91,43	94,68
3º curso	89,65	89,78	92,95	87,18	90,58	93,17	97,84
4º curso	91,78	91,02	91,31	94,14	94,69	95,22	94,92
Sen asignación a curso	-	100,00	100,00	100,00	85,29	100,00	45,45
Total (%)	87,97	88,88	88,88	88,09	87,84	90,58	94,29
Media Área de Ciencias Sociais e Xurídicas	78,75	77,14	76,46	77,17	77,89	79,14	87,10
Media USC	77,33	76,57	76,79	78,31	78,48	79,49	88,71

- Na taxa de éxito (IN35G) repítese o mesmo patrón que na taxa de rendemento: incrementáanse as puntuacións en todos os cursos, agás no 4º curso que baixa unhas centésimas (0,08 puntos), e a taxa global cun 97,90 é moi alta. Na evolución da puntuación global esta titulación supera á media, tanto da área de Ciencias Sociais e Xurídicas como da USC, en todos os cursos desde o 2013-14. Cabe indicar que no curso 2019-20 a taxa de éxito supera o 95% en todos os cursos e é un pouco máis elevada que a do curso anterior en 3.85 puntos.

	2013-14	2014-15	2015-16	2016-17	2017-18	2018-19	2019-20
1º curso	91,97	93,48	88,19	85,68	88,88	87,50	97,68
2º curso	93,77	95,73	97,46	96,69	93,53	95,01	95,81
3º curso	96,62	93,26	95,36	94,07	93,47	95,16	98,51
4º curso	97,90	98,47	99,72	100,00	99,74	99,66	99,58
Sen asignación a curso	-	100,00	100,00	100,00	100,00	100,00	100,00
Total (%)	94,92	95,19	94,95	93,62	93,43	94,05	97,90
Media Área de Ciencias Sociais e Xurídicas	87,65	86,94	87,12	87,50	87,19	87,86	92,80
Media USC	86,04	85,70	86,20	87,35	87,21	87,78	94,17

- Na taxa de avaliación (IN36G) as puntuación son moi altas, case todas por riba do 95 sendo a total de 96,31. Na evolución da puntuación global esta titulación supera á media, tanto na área de Ciencias Sociais e Xurídicas coma á da USC, todos os cursos desde o 2013-14 e este curso 2019-20 en máis de 2 puntos. Atendendo á distribución por cursos as porcentaxes elévanse nos cursos intermedios (2º e 3º) e baixan lixeiramente nos extremos 1º e 4º. Pero cabe mencionar que existe un 45,45 % dos enquisados sen asignación a curso. Aínda con toda esta casuística a taxa de avaliación (IN36G) do Grao de Pedagogía para o curso académico 2019-20 supera a media da área de Ciencias Sociais e Xurídicas e a media da Institución.

	2013-14	2014-15	2015-16	2016-17	2017-18	2018-19	2019-20
1º curso	91,17	90,69	90,58	94,78	91,47	95,29	92,89
2º curso	93,28	94,21	95,46	94,52	94,05	96,23	98,82
3º curso	92,78	96,27	97,47	92,67	96,92	97,91	99,33
4º curso	93,75	92,44	91,57	94,14	94,94	95,54	95,32
Sen asignación a curso	-	100,00	100,00	100,00	85,29	100,00	45,45
Total (%)	92,68	93,37	93,60	94,10	94,01	96,31	96,31
Media Área de Ciencias Sociais e Xurídicas	89,84	88,73	87,77	88,19	89,33	90,07	93,81
Media USC	89,88	89,35	89,08	89,66	89,99	90,55	94,21

En relación á taxa de rendemento, unha análise detallada permite apreciar que todas as materias teñen unha taxa superior ao 71% no curso 2018-19 aumentando respecto ao curso 2017-2018 que era do 67%, (INF.18_2018-2019). Esta tendencia á alza no informe do curso actual (2019-2020) xa que a [INF 17_2019-2020] maioría das materias mantense en valores porcentuais entre o 90 e o 100%. A taxa de rendemento das materias con menor valoración encóntranse entre o 70 e 80% que non deixan de ser datos elevados.

En relación a taxa de avaliación, a maioría das materias teñen unha taxa superior ao 89% (INF.16_2018-2019) e para [INF 19_2019-2020] o Informe de acreditación da taxa de avaliación das materias do plan de estudos do Grao de Pedagogía indica que existe una progresión positiva con porcentaxes que oscilan entre o 91,11% (valoración máis baixa) e o 100,00% (valoración máxima).

DIMENSIÓN 3. RESULTADOS

CRITERIO 7. INDICADORES DE SATISFACCIÓN E RENDEMENTO:

Estándar: Os resultados dos indicadores do programa formativo son congruentes co deseño, a xestión e os recursos postos a disposición do título e satisfán as demandas sociais da súa contorna.

Analizar os principais datos e resultados do título e valorar a evolución dun núcleo de indicadores mínimo. Comprobar se os resultados se adecúan ás previsións e características do título.

7.1.- Os principais datos e indicadores do título evolucionan favorablemente de acordo coas características do título.

Aspectos a valorar:

- Indicadores de demanda.
- Indicadores de resultados.
- Os indicadores téñense en conta para a mellora e revisión do plan de estudos.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

En referencia á análise dos datos para o curso 2019-2020 sobre a demanda da titulación para as 70 prazas ofertadas mostran un aumento desde 464 solicitudes do curso anterior a 658 solicitudes que é nove veces maior (INF.CIUG_2019-2020), unhas 200 persoas mais.

